

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 26 DE NOVEMBRO DE 2007

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**2214/05.- Distribuidora Internacional de Alimentación, S.A. (Dia).**- Ampliación de licenza de obra e de apertura (Lap/338/05), de actividade de supermercado en Costa Vella, parcelas 36-37 e 38 do SUNP-37.-

**120/02.- Monteviejo Inversiones Inmobiliarias, S.L., repr. Carlos Matovelle Gómez.-**

Legalización de caixa de escaleira no desembarco da cuberta da edificación en execución sita na Rúa Eira Vedra-Outeiro do Castiñeiriño, adicada a centro xeriátrico.-

**1229/07.- Pedro Rial Botana.-** Legalización de porche e muro de contención en Lugar de Son de Abaixo núm.54.-

**691/06.- Daniel Pereira Iglesias.-** Reconstrución de porche en Rúa Munín núm.4.-

#### DENEGADAS

**992/05.- Gesprocar, S.L.-** Edificio (4 viv.) na Rúa da Queimada.-

#### SUBSANACIÓN ERRO ACORDO X.G.L. DE DATA 12 DE SETEMBRO DE 2005

**1884/03.- Aluminios Alca, S.L., repr. Jesús Iglesias Santos.-** Parcelación en A Sionlla.-

### OCIHR

### LICENZAS

#### FAVORABLES

**LIC/ 2284/2006.- JOSÉ MIGUEL CALVO PESTONIT.-** Derruba da tabiquerías, restitución do forzado e realización de novas divisións, instalacións e acabaso na Rúa Horreo nº 32-34, 2ª A

**LIC/2144/2007.- SAN ISIDRO GALICIA S.L.-** Desmontaxe, desescombros, parcial e consolidación de edificio na Rúa Gongora nº 9.-

#### RECURSOS.-

**LIC/826/2007.- ELISEO BALIÑAS MIRAMONTES** (en representación da Comunidade de Propietarios Rúa Montero RIOS Nº 46-50).- Estima-lo recurso de reposición contra acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Santiago, na sesión do 29-5-07.

#### DISCIPLINAS.-

**DIS/504/2007.-** RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN Á ORDENANZA LOCAL DE OCUPACIÓN -VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS.

#### **4.- Proposta de sanción por infracción á ordenanza local reguladora da ocupación de vía pública con mesas e cadeiras.**

Imponse ao local sito na rúa Nova, 12, unha sanción de 1.500 euros por infracción moi grave á ordenanza local de circulación e uso da vía pública, xa que procedeu á ocupación de vía pública con terraza sen autorización municipal.

#### **5.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.**

Apróbanse axudas para dúas familias para gastos de vivenda e comedor escolar por valor de 786 euros.

#### **6.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.**

Apróbanse inicialmente axudas para dous locais comerciais na Praza de Abastos e na rúa Casas Reais, por valor de 8.618 euros.

**7.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á prórroga do prazo de execución das obras de construción da Escola Infantil de SAN ROQUE.**

Acórdase conceder unha prórroga de seis meses sobre o prazo inicialmente fixado á empresa adxudicataria da execución das devanditas obras, a UTE PIEDRAS SIGRAS-REYCONS, rematando o novo prazo o 2 de decembro de 2007.

**8.- Prórroga do contrato de Prestación do servizo de colaboración na xestión integral dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano.**

Acórdase a prórroga por un prazo de dous meses a contar desde o 7 de xaneiro de 2008 á empresa TRIBUGEST, SA.

**9.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do Aluguer de Carrozas para a Cabalgata de Reis 2008.**

Apróbase o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a citada contratación por concurso e procedemento aberto, establecéndose un tipo total de licitación de 46.760 euros.

**10.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do Aluguer de equipos de iluminación navideña para diversas rúas do Casco Histórico.**

Apróbase o prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 27.840 euros.

**11.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa á autorización da cesión dunha praza do aparcamento de Ponte Castro - A Rosa.**

Autorízase a cesión.

**12.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á execución da Sentenza do Tribunal Superior de xustiza de Galicia contra acordo de nomeamento de conserxe adxunto á xefatura de servizos internos.**

En cumprimento da sentenza césase ao funcionario municipal Carlos Cajaraville do posto de traballo de conserxe adxunto á xefatura, que se cubrirá polo sistema de concurso entre os funcionarios que posúan requisitos para o seu desempeño. Así mesmo, noméaselle para un posto de traballo de conserxe, grupo D e nivel 15 de complemento de destino, vacante na actualidade na relación de postos de traballo logo da xubilación forzosa por razón de idade de José Otero.

**13.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa a corrección de erro no punto nº 53 da sesión de data 5/11/2007.**

Corríxese o erro.

**14.- Proposta do concelleiro delegado de Mercados relativa á solicitude de realización de obras de mellora no Mercado Nacional de Gando con cargo aos orzamentos da Consellería de Medio Rural.**

Solicítase á Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria da Consellería do Medio Rural que acometa as obras de remodelación de boxes e acondicionamento da cinta transportadora da estación desinfectora no recinto do Mercado Nacional de Gando por un importe total de 232.971 euros.

**15.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á xustificación dos gastos do convenio asinado entre o Concello de Santiago e a Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home Galicia.**

Apróbase o gasto relativo á justificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello e a Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home Galicia para o ano 2007, por unha contía de 30.051 euros.

**16.- Propostas do concelleiro delegado de Deportes relativas á xustificación das subvencións das escolas deportivas municipais correspondentes ao primeiro semestre do ano 2007 e á xustificación da subvención concedida á Agrupación de Deportistas Veteranos.**

Apróbanse os expedientes de xustificación de gasto das subvencións que concede o Concello ás Escolas Deportivas Municipais correspondentes ao primeiro semestre de 2007 por unha cantidade de 23.164 euros. Así mesmo, apróbase a xustificación da subvención concedida á Agrupación de Deportistas Veteranos polo desenvolvemento da Campaña Municipal de Fútbol Sala, por un importe de 8.231 euros.

**17.- Propostas do concelleiro delegado de Promoción Económica relativas á aprobación de diversos convenios de colaboración.**

Apróbase a sinatura do anexo aos seguintes convenios, todos eles incluídos dentro das accións do Pacto Local polo Emprego 2006-2007:

- coa Cámara de Comercio para a realización dun “programa de apoio empresarial á muller”, cunha aportación municipal de 10.000 euros.
- coa central sindical UXT, para a realización dunha “campaña divulgativa dirixida á muller sobre as medidas de impulso contra a contratación indefinida”, cunha achega municipal de 10.000 euros.
- coa central sindical CC.OO, para a realización dunha “xornada sobre saúde laboral e medio ambiente no traballo” e unha “xornada técnica sobre a insrción laboral da muller inmigrante”, cunha aportación municipal de 10.000 euros.

**18.- Diversas propostas do concelleiro delegado de Mercados relativas a permutas, trasposos e trasmisións de casetas do mercado de abastos.**

Autorízase unha permuta de caseta no Mercado de Abastos.

**19.- Proposta da concelleira delegada de Servizos relativa ao recurso de reposición interposto contra o acordo de autorización de transmisión de empresa solicitada pola concesionaria da construción e xestión do tanatorio municipal.**

Desestímase o recurso.

**20.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa á modificación das tarifas do servizo de autotaxi para o ano 2008.**

Apróbanse as tarifas de auto-taxi para o ano 2008.

**21.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á venda do 30'2617 % da parcela de resultado número 2, bloque oeste do Proxecto de compensación da unidade de xestión número 15 (UX-15) de Picaños.**

Acórdase o alleamento da participación a Inmobiliaria Pepe Noya e Hijos, SL, copropietarios da parcela.

**22.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á adopción de acordos en relación á venda a Estudio 5 de Gestión y Proyectos, SA, da participación do Concello (19'88%) na parcela R-7 do Proxecto de compensación do polígono 2 do solo urbanizable programado número 2 (SUP-2) de Cornes.**

Requírese a Estudio 5 para que antes da formalización de escritura de venda constitúa garantía pola cantidade de 47.783 euros por este último concepto e que nesta garantía se faga

constar que a mesma estará en vigor ata que o Concello ou quen no seu nome esté habilitado legalmente para elo, autorice a súa cancelación ou devolución.

**23.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao outorgamento de concesión demanial a favor da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) sobre parte da parcela EQ do Proxecto de compensación do solo urbanizable non programado número 4 (SUNP-4) das Cancelas.**

Apróbase o outorgamento por 75 anos. Superficie da parcela: 2.163 metros cadrados.

**24.- Proposta da concelleira delegada de Casco Histórico relativa a actuacións nos pavimentos do RECINTO INTRAMUROS.**

- Dáse conta do informe sobre a situación actual do pavimento da zona da Améndoa e das medidas adoptadas para a súa recuperación.

- Dáse conta da disposición para a colaboración económica e técnica do Consorcio de Santiago na tarefa de restauración, consolidación e mantemento do pavimento da zona da Améndoa.

- Autorízase ao Consorcio a ampliación do ámbito de actuación da Escola Obradoiro de pavimentos á totalidade do ámbito da ordenanza do recinto intramuros.

- Apróbanse os proxectos arquitectónicos elaborados polo Concello e Consorcio nesta primeira fase.

Concello: rúa Bautizados.

Consorcio: praza da Inmaculada, rúa da Acibechería, rúa do Vilar, rúa da Calderería, rúa da Algalia de Abaixo, rúa da Troia, rúa das Campás de San Xoán.

- Apróbase a proposta de relación de novas intervencións e a elaboración dos correspondentes documentos técnicos por parte do Concello e do Consorcio.

Concello: praza das Praterías (repisa superior)

Consorcio: rúa da Algalia de Arriaba, praza de Fonseca, rúa do Franco, praza de Fuenterrabía e rúa da Raíña.

- Apróbase a solicitude ao Consorcio da elaboración da primeira fase do Plan Director dos Pavimentos do Recinto Intramuros (Améndoa) da Cidade Histórica.

**25.- Proposta da concelleira delegada de Servizos Sociais relativa á contratación dun/dunha Traballador/a Social.**

Acórdase a contratación dun/ha traballador/a social para a atención específica de actividades que se desenvolvan con motivo da implementación da lei de autonomía.

**26.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á contratación dun/ha Psicólogo/a.**

Acórdase a contratación dun/ha psicólogo/a para o Centro de Información da Muller.

**27.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á contratación do persoal técnico do proxecto Equal "Compostela Social", para a realización das accións de peche do programa.**

Apróbase a contratación de tres traballadores para a execución das accións de peche e transferencia de resultados do proxecto Equal Compostela Social.

**28.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á aprobación de proxectos de obras, plan complementario de 2008 e outros extremos, para a elaboración do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.**

Aprobar o Plan de Cooperación das obras e servizos de competencia municipal 2008 no que se recollen os investimentos que o Concello ten previsto realizar no POS 2008, integrado polas seguintes obras:

<b>Denominación:</b>	<b>Estado+ Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Presuposto</b>
Nova capa de rodadura na rúa do Tambre	119.388,01 euros	33.273,12 euros	152.661,13 euros
Reforzo do firme na vía pública R-3-V (Mercagalicia- A Gracia	104.828,53	29.215,44	134.043,97
Pavimentación do núcleo de Silvouta e acceso	142.216,12	39.635,26	181.851,38
Reforzo do firme na vía pública M-54-V (Carballal- Codesedas)	87.247,03	24.315,52	111.562,55
Reforzo do firme na vía pública Camiño dos Vilaes-rúa do Tambre	78.806,81	21.963,25	100.770,06
<b>TOTAL</b>	<b>532.486,50</b>	<b>148.402,59</b>	<b>680.889,09</b>

Así mesmo, apróbase o plan complementario do ano 2008 no que se inclúe a seguinte obra:  
- reforzo do firme na vía pública M-28-V (Mourentán), cun orzamento de 107.132,23.

**29.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á concesión de exencións nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e por servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

Concédense as devanditas exencións.

**30 a 129.- Propostas do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles e no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.**

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

**130.- Dar conta do escrito da concelleira delegada de Educación relativo á asunción dos gastos de gasóleo dos Centros de Educación Infantil e Primaria pola Xunta de Galicia.**

Dáse conta do devandito escrito.

**131.- Dar conta da concesión de subvencións para o mantemento das Escolas Infantís Municipais de Conxo e Fontiñas.**

Dáse conta da concesión de subvencións por parte da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar por importe de 39.200 euros para cada unha das escolas infantís.

**URXENCIAS:**

1.- Apróbase a prórroga do contrato de servizo de limpeza, vixilancia e conservación do polideportivo Roxos-Villestro, adxudicado a Dolores Fraga Blanco, a contar desde o 1 de decembro de 2007 ata o 29 de febreiro de 2008 e por importe de 1.650 euros/mes.

2.- Apróbase a prórroga do contrato de servizo de limpeza, vixilancia e conservación do colexio público López Ferreiro, adxudicado a Sandra Barreiro Pérez, a contar desde o 1 de decembro de 2007 ata o 29 de febreiro de 2008 e por un importe de 2.050 euros/mes.

3.- Apróbese a prórroga do contrato de servizo de limpeza, vixilancia e conservación do polideportivo de Lamas de Abade, adxudicado a Silvia Becerra Aldrey, a contar desde o 1 de decembro de 2007 ata o 29 de febreiro de 2008 e por un importe de 1.985 euros/mes.

4.- Apróbese a prórroga do contrato de servizo de limpeza, vixilancia e conservación do colexio público Colexiata de Sar, adxudicado a Carmen Cutrín Novás, a contar desde o 1 de decembro de 2007 ata o 29 de febreiro de 2008 e por un importe de 1.122 euros/mes.

5.- Apróbese a prórroga do contrato de servizo de limpeza, vixilancia e conservación do colexio público de Lamas de Abade, adxudicado a Isidro Conde Santos, a contar desde o 1 de decembro de 2007 ata o 29 de febreiro de 2008 e por un importe de 1.687 euros/mes

6.- Apróbese a prórroga do contrato de servizo de limpeza, vixilancia e conservación do colexio público de educación infantil de Fontiñas, adxudicado a María Jesús Iglesias Rey, por un período de 3 meses a contar desde o 1 de decembro de 2007 e por un importe de 1.125 euros/mes.

7.- Apróbese a prórroga do contrato de servizo de limpeza, vixilancia e conservación do colexio público Rodríguez Xixirei, adxudicado a Carmen Botana Noya, por un período de 3 meses a contar desde o 1 de decembro de 2007 e por un importe de 1.150 euros/mes.

8.- Apróbese a prórroga do contrato de Marina Sandamil Andión como técnica de xestión e control financeiro do proxecto Equal Compostela Social por un periodo de 4 meses e un importe de 2.619 euros.

9.- Apróbanse as subvencións destinadas ao fomento de actividades culturais puntuais do ano 2007 para un total de 13 asociacións e por un importe de 35.000 euros.